



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1706/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 3 de XULLO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día tres de xullo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(497).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(498).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “VICTOR MANUEL” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10146/335.**

Visto o informe xurídico do 02/07/2024 e o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 13 de maio de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “VICTOR MANUEL SINFÓNICO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 13 de maio de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".

- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024", no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024" no perfil de contratante do Concello de Vigo. A selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.
- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista VICTOR MANUEL SINFÓNICO.
- Consta acreditado no expediente que a mercantil IÓN MÚSICA SL (B80454424), ten a exclusividade para a celebración do espectáculo de VICTOR MANUEL SINFÓNICO no auditorio de Castrelos o día 14 de agosto de 2024, ao ter toda a exclusividade do mesmo, dado que é o propio artista a persoa administradora desta empresa.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 16 de maio de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 16 de maio de 2024.
- Memoria económica de data 15 de maio de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 16 de maio de 2024 (operación nº 12024000090517-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 2 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 2 de xullo de 2024.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que IÓN MÚSICA, S.L., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

### **PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “VICTOR MANUEL SINFÓNICO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 16 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 205.700,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 170.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **(499)3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “LUZ CASAL” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10154/335.**

Visto o informe xurídico do 02/07/2024 e o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2024 asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 20 de maio de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista "LUZ CASAL" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024"

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 20 de maio de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".
- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024", no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda "Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024" no perfil de contratante do Concello de Vigo. A



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.

- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista LUZ CASAL.
- Consta acreditado no expediente que a mercantil LUZ Y PAZ, SL ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo as actuacións en directo de D. Luz Casal Paz, Tal e como consta na escritura pública de 26 de setembro de 2008, outorgada ante o notario D. Pedro Contreras Ranera. A súa vez, consta acreditada na mesma escritura que D. Luz Casal Paz é a administradora única desta empresa. Tamén consta acreditado que a sra. Casal, na súa cualidade de representante da citada mercantil cedeu os dereitos para a celebración do espectáculo de LUZ CASAL no auditorio de Castrelos o día 2 de agosto de 2024 a YMAX PRODUCCIONES, S.L. (B80596059), segundo consta en documento asinado en data 1 de marzo de 2023 por D. Leticia Escobar, en representación de YMAX (sinatura dixital) e D. Luz Casal Paz, en representación de LUZ Y PAZ (sinatura manuscrita).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 5 de xuño de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 29 de maio de 2024.
- Memoria económica de data 23 de maio de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 24 de maio de 2024 (operación nº 12024000097064-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 2 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).

- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 2 de xullo de 2024.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que YMAX PRODUCCIONES, S.L., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto cedidos pola Sociedade LUZ Y PAZ, SL.

Efectivamente, consta LUZ Y PAZ, SL como representante en exclusiva da artista Luz Casal.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

### PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “LUZ CASAL” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 167.585,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 138.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **(500)4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10159/335.**

Visto o informe xurídico do 02/07/2024 e o informe de fiscalización do 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 4 de xuño de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 4 de xuño de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2024”.
- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024”, no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda “Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024” no perfil de contratante do Concello de Vigo. A selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.
- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

- Se acredita no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (B27786045) conta cos dereitos de exclusiva para a actuación artística de XOEL LÓPEZ e VETUSTA MORLA no auditorio de Castrelos o día 16 de agosto de 2024. Así o declara Dna. Ana María Sanromán Rodríguez en nome e representación da citada sociedade en documento asinado o día 23 de novembro de 2023. O poder de representación da sra. Sanromán consta acreditado na escritura pública de 24 de maio de 2021, outorgada ante o notario D. Fernando Olmedo Castañeda.
- Consta acreditado no expediente que a empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (B27786045) actualmente ostenta a condición de representante artístico de Xoel López García - Cabezón (artisticamente coñecido como XOEL LÓPEZ), en documento de data 2 de febreiro de 2024 asinado por Dna. Ana María Sanromán Rodríguez en representación de Esmerarte (sinatura dixital) e polo artista (sinatura manual).
- Así mesmo, consta acreditado no expediente que a empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (B27786045) actualmente ostenta a condición de representante artístico de VETUSTA MORLA, en documento de data 28 de xuño de 2024 asinado por Ana María Sanromán Rodríguez en representación de Esmerarte (sinatura dixital), por D. David García Garrote (sinatura manual), D. Juan Manuel Latorre González (sinatura manual) e D. Álvaro Benito Baglietto (sinatura manual) como integrantes do grupo VETUSTA MORLA e en representación de Pequeño Salto Mortal y Tal S.L., sociedade que xestiona a actividade do grupo VETUSTA MORLA. Consta anexada ao expediente a escritura de constitución desta sociedade, outorgada ante o notario José Ángel Gómez-Moran Etchart o 21 de xullo de 2009, na que se determina que ostentan a condición de representantes da sociedade e que para obrigar á mesma en actos de mais de 30.000 euros deben actuar tres representantes mancomunadamente.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 6 de xuño de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 6 de xuño de 2024.
- Memoria económica de data 4 de xuño de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Retención de crédito de data 5 de xuño de 2024 (operación nº 12024000099704-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 2 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  
  - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
  
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 2 de xullo de 2024.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

### **PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “VETUSTA MORLA + XOEL LÓPEZ” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 332.750,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 275.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(501).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “AITANA” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10160/335.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 03/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 04 de xuño de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “AITANA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024"

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 04 de xuño de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024”, no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda “Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024” no perfil de contratante do Concello de Vigo. A selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.
- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista AITANA.
- Se acredita no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (B27786045) conta cos dereitos de exclusiva para a actuación artística de AITANA no auditorio de Castrelos o día 3 de agosto de 2024. Así o declara Dña. Olga Díez Ribera en nome e representación de GLOBAL TALENT SERVICES MUSIC ENTERTAINMENT SPAIN, SLU en documento asinado o día 21 de novembro de 2023.
- Consta acreditado no expediente que a mercantil GLOBAL TALENT SERVICES MUSIC ENTERTAINMENT SPAIN, SLU ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo as actuacións en directo de D<sup>a</sup>. Aitana Ocaña Morales (AITANA), en documento firmado polo artista en data 27 de febreiro de 2024.
- O poder de representación de Dña. Olga Díez Ribera para actuar en nome e representación de GLOBAL TALENT SERVICES MUSIC ENTERTAINMENT SPAIN, SLU, consta acreditado en escritura outorgada ante o notario Antonio Huerta Trolez en data 8 de novembro de 2019.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 25 de xuño de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 25 de xuño de 2024.
- Memoria económica de data 5 de xuño de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 21 de xuño de 2024 (operación nº 12024000116626-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 2 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 2 de xullo de 2024.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1706/1102

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

### **PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “AITANA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 25 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 786.500,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 650.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez